

Actividades

ADEGA DISTRIBUIU PERTO DE 1000 ACEVROS

Na campaña do Natal ADEGA puxo a venda en diferentes concellos plantas de acivro procedentes do viveiro VIDE GAL cun tríptico no que se explicava a importancia desta árbore así como as técnicas para plantá-la no monte e os cuidados que lle hai que propiciar se un decide manté-la na casa ou xardín. Neste momento aínda fican algunhas plantas no local de ADEGA polo que os interesados en adquirir algunha poden pasar polo mesmo, as plantas veñen en maceta polo que a súa supervivencia está garantida mesmo nos meses de verao.

Ante o éxito desta campaña, ADEGA pensa continuá-la nos vindeiros anos, está en estudo a súa extensión a outras especies tamén amiazadas. ■



A DELEGACION DE ADEGA DO BOQUEIXON EDITA O SEU PRIMEIRO BOLETIN

Neste boletín os membros desta delegación informan-nos dalgúns das actividades desenvolvidas por eles naquela comarca: sobre a concentración parcelaria, tratamento do lixo, recuperación de árbores autóctonas, etc...acompañadas por xugosas receitas de cociña e información histórica. Non estaría de máis que o exemplo inzara por toda a xeografía galega e que todas as delegacións contaran cun órgano de información semellante, que completaría a que se distribúe a través de CERNA e dos boletíns da directiva nacional, e sen dúbida faría chegar ás nosas propostas a un maior número de persoas. ■



SEGUNDAS XORNADAS AGROFORESTAIS EN LUGO

O colectivo Leira ven de organizar para os días 18 de Abril a 2 de Maio estas xornadas co patrocinio da Universidade de Compostela. É de destacar o esforzo deste grupo por promover foros de discusión para un desenvolvemento sosteñible do agro galego. Estas xornadas a celebrar na Facultade de Veterinaria Lucense tratarán diferentes temas: Residuos Agroforestais por Xesus Pereiras (de Adega), Caza e Conservación por Luís Costa (do Servizo de M.A.Natural), Gadeiría extensiva-ecolóxica por Luciano Sánchez (Decano de Veterinaria), Denominación da Agricultura Ecolóxica por Xosé Mouriño (Servizo de Industria e Calidade Alimentaria) e Uso Integral do Monte por Antonio Rigueiro (Profesor da Politécnica). ■

NO MES DE XUÑO VAISE CELEBRAR O CONGRESO INTERNACIONAL SOBRE ESTRATEXIAS E PRATICAS EN EDUCACION AMBIENTAL



INSCRICIÓN

As persoas que desexen participar deberán formalizar a súa inscrición no boletín anexo remitíndoo xunto coa cota de transferencia bancaria á Secretaría Técnica do Congreso (Véxase Anuncio).

As cotas, modalidades de inscrición e datas son as seguintes:

Antes do 20 de Abril de 1996:
Ordinaria: 20.000 ptas.
* Reducida: 12.000 ptas.

Despois do 20 de Abril de 1996:
Ordinaria: 25.000 ptas.
* Reducida: 15.000 ptas.

A inscrición registrarase segundo orde de recepción. Este criterio manterase para a adscrición dos participantes aos grupos de traballo (máximo 60 persoas por grupo).

* Para ter acceso á cota reducida deberase acreditar a condición de estudante (alumnado de 1º e 2º ciclo) ou parado.

INFORMACIÓN

Para calquera información sobre o Congreso, dirixirse a:
Carmen Morán: tño. 981-56 31 00. Ext. 2642
Fax. 981-56 34 69
Pablo Meira e Lucía Iglesias: tño. 981-56 31 00. Ext. 3747 e 3745
Fax. 981-53 04 38
Frances McDermott (ERTCEE): tño. 44-1274 385 391
Fax. 44-1274 385 691

CORRESPONDENCIA:

Os trámites relacionados coa inscrición e aloxamento realizaranse dirixíndose á Secretaría Técnica do Congreso:
Véxase Anuncio
Congreso Internacional
ESTRATEGIAS E PRÁCTICAS EN EDUCACIÓN AMBIENTAL
Praza de Fontemable, 3
15702 Santiago de Compostela (España)
Tño. 981-56 58 99
Fax. 981-56 19 51

